

ACORDO EN MATERIA DE LIQUIDACIÓN DE SERVICIOS.-

SERVICIO DE PROTECCIÓN CIVIL - PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE LUMES.-

O custo total resultante liquidarase os Concellos de acordo cos seguintes criterios: unha aportación liñal de cada Concello do 10% do custo total, e o custo restante por número de habitantes.

SERVICIO DE RECADACIÓN.-

O custo total resultante liquidarase os Concellos de acordo cos seguintes criterios: o custo do procedemento recadatorio coa entidade financeira polo cobro en período voluntario, en relación os cargos que cada Concello pon o cobro; o restante custo do servicio, un 50% por número de habitantes, e o restante 50%, repartido polos seguintes criterios: 10% por número de cargos en voluntaria enviados por cada Concello a Mancomunidade (excluído o cobrado por convenio con entidade financeira), e un 40% por importes cobrados en vía executiva en cada Concello.

SERVICIO DE ACTIVIDADES CULTURAIS, TURÍSTICAS E DE INFORMATIZACIÓN DE SERVICIOS.-

O custo total resultante liquidarase os Concellos de acordo cos seguintes criterios: unha aportación liñal de cada Concello do 30% do custo total, e o custo restante por número de habitantes.

SERVICIO DE RECOLLIDA DE LIXO E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS.-

O custo total resultante liquidarase os Concellos de acordo cos seguintes criterios: unha aportación do 50% por número de habitantes e o restante 50%, do seguinte xeito: 25% por tempo de recollida empregado en cada municipio e outro 25% por kilómetros recorridos en cada municipio.

SERVICIOS SOCIAIS.-

En cuanto o servicio social de base.

O custo total resultante liquidarase os Concellos de acordo cos seguintes criterios: o 100% do custo por número de habitantes.

En cuanto o servicio de axuda no fogar.

O custo total resultante liquidarase os Concellos de acordo cos seguintes criterios: o 50% do custo por número de habitantes e o restante 50% en relación o grao de utilización do servicio en cada Concello (número de horas que se presta o servicio).

Do importe resultante a pagar a cada Concello, practícaranse os seguintes descontos: un 50% da subvención da Consellería de Asuntos Sociais por número de habitantes e o outro 50% polo grao de utilización do servicio; así mesmo, descontarase do importe a pagar por cada Concello as aportacións que realizaron os particulares do seu municipio, de acordo coa Taxa fixada na ordenanza físcal.

O importe final resultante, logo dos descontos resinados, será a aportación de cada Concello o servicio de axuda no fogar.

En cuanto o servicio de gardería infantil.

O custo total resultante liquidarase os Concellos de acordo cos seguintes criterios: o 100% do custo por número de habitantes.

